

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresa en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 111/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, dona _____, da empresa Nuñez Motor, S.L., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ___ de ____ de ____ e número de protocolo ___.

Doutra, dona _____, da empresa Comercial de Vehículos Industriales de Galicia, S.L., (COVIGAL), como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ___ de ____ de ____ e número de protocolo ___.

Doutra, dona _____, da empresa Talleres Fariñas, S.L., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ___ de ____ de ____ e número de protocolo ___.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Eduardo Castiñeira, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don _____, con data ___ de ____ de ____ e número de protocolo ___.

E doutra, don _____, con DNI _____, representante da empresa Talleres Emilio, cuxa titularidade ostenta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou coas empresas Talleres Ruco, S.L. Talleres Caroca, Costas y Gestoso, S.L., Celtamotor, S.L. e Talleres Vaquero, S.L., un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas no CIFP Valentín Paz Andrade para o ciclo formativo de técnico en Carrozaría.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación das empresas, Nuñez Motor, S.L., Comercial de Vehículos Industriales de Galicia, S.L., (COVIGAL), Talleres Fariñas, S.L., Eduardo Castiñeira, S.L. e Talleres Emilio, no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas asinantes deste convenio aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado previamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas, Talleres Ruco, S.L. Talleres Caroca, Costas y Gestoso, S.L., Celtamotor, S.L. e Talleres Vaquero, S.L., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas Nuñez Motor, S.L., Comercial de Vehículos Industriales de Galicia, S.L., (COVIGAL), Talleres Fariñas, S.L., Eduardo Castiñeira, S.L. e Talleres Emilio, comprométense a acoller nas súas instalacións a 5 alumnos e alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado previamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas, cun representante para cada empresa asinante.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de

novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano

1. ANEXO

1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Código del convenio: C2021001902.

1.2 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Núñez Motor, S.L.	1
Covigal, S.L.	1
Talleres Fariñas, S.L.	1
Eduardo Castiñeira, S.L.	1
Talleres Emilio	1
Total	5